



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

---Documento: **ADXUDICACIÓN PROVISIONAL POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 20 DE SETEMBRO DE 2010.**

---Contrato: **DE SERVIZOS PARA A “CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA MULTIMEDIA”.**

---Data de inicio da publicación deste documento no perfil do contratante: **22 DE SETEMBRO DE 2010**

Visto o expediente tramitado para a contratación do servizo para a creación dunha plataforma turística multimedia.

Vistos os informes favorables preceptivos da Intervención de Fondos Municipais e Secretaría Xeral, para a licitación polo procedemento negociado sen publicidade do contrato relativo ao amentado servizo e ao que foron convidadas as empresas ENXENIO, EAISIS, A NAVALIA SUÍZA, ABERTAL e ACORDANDO.

Visto que presentaron solicitude de participación en forma e prazo as empresas ABERTAL NETWORKS, S.L. e ENXENIO, S.L.

Vista a documentación administrativa aportada polos licitadores interesados, sendo a mesma a requirida consonte ao Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

Vistas as ofertas realizadas polos licitadores así como informe de avaliación técnica das indicadas ofertas emitido polo Enxeñeiro Técnico de Informática de Xestión, D. Diego Pernas Fernández, e aplicados os criterios de valoración das mesmas contidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor daquelas, resultando, salvo erro ou omisión, que:

	ampliación prazo de garantía (ata 400 ptos)	contratación desempregados (ata 400 ptos)	mantemento traballadores (ata 100 ptos)	menor prezo (ata 100 ptos)	menor oferta técnica (ata 100 ptos)
ABERTAL NETWORKS, S.L.	+ 4 anos 200	1 contratado 80	5 traballadores 100	29.948,88 0	97
ENXENIO, S.L.	+ 8 anos 400	0 contratados 0	4 traballadores 80	29.292,32	87

Da suma dos criterios recollidos no cadro anterior, resulta que:

EMPRESAS LICITADORAS	RESULTADO
ABERTAL NETWORKS, S.L.	477
ENXENIO, S.L.	577

Vista a conformidade da Intervención municipal de data 16-09-10.

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes Acordos:

1º.- Adxudicar provisionalmente o contrato de servizos para CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA MULTIMEDIA polo prezo de 29.292,32 € (IVE e demais impostos incluídos) á empresa ENXENIO, S.L. (CIF B15879653), con enderezo na rúa Andorra nº 22, 4º-A – Carballo, con arranxo ao Prego e á súa oferta, ao ser esta a que obtivo superior puntuación entre as interesadas.

2º.- A adxudicación provisional queda condicionada, en todo caso, a que por parte do adxudicatario se aporte a seguinte documentación:

- Certificación acreditativa de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas, no epígrafe/s correspondente/s, no ámbito municipal, provisional ou nacional.
- Certificacións de estar ao corrente das obrigas tributarias e na seguridade social.
- Informe da Tesourería municipal de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias para co Concello.
- Xustificante de ter constituída na Tesourería do Concello a correspondente garantía definitiva en calquera das formas previstas no artigo 84 da Lei 30/2007. O importe da garantía será do 5% do importe da adxudicación excluído o IVE.

A documentación deberá de ser aportada no prazo máis breve posible e nunca máis alá de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación da adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

Transcorrido dito prazo, no seu caso, producirase a adxudicación definitiva.

3º.- Notificar o presente Acordo ao licitador e publicar a adxudicación provisional no Perfil do Contratante.

A Estrada 21 de setembro de 2010.
A Concelleira Delegada de Medio Rural e Turismo.

Raquel López Doce.